



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, _____, actuando en representación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, en virtude da súa condición de administrador diocesano.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *"Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa"*, formalizado polo *"Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os Bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia"* asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.



Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica e a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental, que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Mondoñedo-Ferrol ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovible, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as

decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo

operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no anexo de intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Mondoñedo-Ferrol

Pola súa banda, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e



Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poñeráo no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das actuacións a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición.

Sétima.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O administrador diocesano de Mondeñedo-
Ferrol

Román Rodríguez González



ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

BEN: Igrexa de Santa María da Vila do Medio
SITUACIÓN: Vila do Medio, Burela, Lugo
PROTECCIÓN: Ben pertencente ao Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia (Disposición adicional segunda da Lei 8/1995 e PXOM do Concello de Burela – DOG DO 14-04-2014)

A igrexa de Santa María de Burela, tamén coñecida como Igrexa Vella ou Igrexa de Vila do Medio por estar situada nese barrio, edificouse arredor do ano 1.500 cunha planta rectangular, muros de carga de fábrica de cachotería de pedra e cuberta de estrutura de madeira a dúas augas. A nave rectangular está decorada no seu interior con pinturas que representan escenas da vida do Señor. Sitúase nunha zona elevada no centro da Vila do Medio rodeada dun adro aberto á parroquia con peche de muro de cachotería sobre o que se sitúan unha serie de cruces de granito.

Foi a primeira e única parroquia de Burela polo que ante as necesidades de espazo debido ao crecemento da poboación, ampliouse a inicios do século XVIII engadindo o presbiterio, a sancristía e a capela do Carme acaroada á fachada Norte, que foi desmontada e substituída na súa práctica totalidade por dous grandes arcos de medio punto. Na fachada principal engadiuse unha espadana á que se accede por unha escaleira de pasos de cantería de granito apoiada en fábrica de cachotería acaroada á fachada Sur.

En 1962 pechouse ao culto despois de inaugurarse un novo templo de maiores dimensións, mais preto do novo centro urbano arredor do porto pesqueiro. Co abandono arruinouse a cuberta, quedando o interior exposto a auga de chuva, que finalmente deixou entrever as pinturas murais situadas baixo un encalado, realizado como acción preventiva fronte á peste, que durante séculos as tapou e protexeu. Ao final da década dos 80 do século XX a parroquia restaurou o edificio executándose unha nova cuberta. Na década dos 90 do século pasado a Xunta de Galicia realizou unha serie de intervencións de restauración das pinturas e revoco das fachadas con morteiro de cal, así como unha serie de estudos sobre as condicións de humidade do edificio.

- Intervencións programadas:
 1. Redución das condicións de humidade na igrexa
 2. 1ª fase de restauración das pinturas murais da igrexa

1) Redución das condicións de humidade na igrexa

- Xustificación da intervención:

A xustificación principal da actuación é preservar as pinturas murais existentes. A proposta de intervención consiste de xeito resumido na execución de varias actuacións que eviten a entrada de

auga e humidade tanto por capilaridade coma por filtracións en xuntas e encontros en mal estado. É preciso tamén mellorar as condicións de ventilación permanente no interior do edificio.

- Actuacións propostas:

As principais actuacións a executar serán as seguintes:

- Eliminación das filtracións de auga de choiva no encontro entre a cuberta, espadana e escaleira exterior.
- Novo rexuntado con morteiro de cal da espadana e campanario previo picado do existente.
- Picado do morteiro de cemento do rexuntado do zócalo exterior do muro Sur.
- Picado do morteiro de cemento das xuntas do escaleira exterior de subida ao campanario e execución dun novo rexuntado con morteiro de cal.
- Execución dunha canle perimetral de ventilación a modo de cámara bufa na base dos muros Sur e Oeste para reducir a humidade de capilaridade que afecta ás pinturas murais.
- Execución dunha nova drenaxe perimetral no muro Leste previo levantamento do existente.
- Colocación de canlóns de recollida da auga de cuberta.
- Intervención nas carpinterías existentes e nas vidreiras para garantir a ventilación permanente do edificio.

2) 1ª fase de restauración das pinturas murais da igrexa

- Xustificación da intervención:

A revisión no ámbito que alcanza a vista amosa danos nos paramentos murais, especialmente nas áreas máis próximas ao chan, observándose a seguinte patoloxía:

- Disgregacións do morteiro de soporte da policromía mural. Esta patoloxía amósase de xeito alarmante na escena da Resurrección, no tramo vinculado ó acceso ó coro, que está case perdida.
- Desprendemento do soporte orixinal, onde xa só se atopa o *arriccio*, este se amosa en situación de desunión ao muro.



- Eflorescencias salinas, que provocan disgregacións dos morteiros orixinais e de reintegración. Veladuras en superficie, carbonatacións.

- Descamacións, desconchados e exfoliacións nos morteiros de reposición. Por todo o ámbito da superficie mural, incluso na zona do muro sur menos afectada por humidades, que é o tramo que vai dende a porta cara a cabeceira. Sinalarase que a patoloxía que provoca os danos sinalados maniféstase nun primeiro momento a traveso dos morteiros de reposición, o que probablemente sexa indicativo da súa meirande porosidade.

- Perda de intensidade dos pigmentos de reintegración.

- Migración de restos orgánicos do interior do muro cara as áreas de policromía, manifestándose en manchas de augas observadas especialmente no morteiro de reposición cercan ao machón das escaleiras que ascenden ao coro.

- Actuacións propostas:

No conxunto mural deberán executarse as seguintes actuacións, tanto na zona de policromía do muro norte como na do sur:

- Eliminación de morteiros de reposición e de reintegración ó longo de toda a superficie mural.

- Saneamento do zócalo.

- Análises de morteiros: orixinais, de reintegración, de reposición e perimetrais.

- Toma de datos: medicións termohigrométricas, mapas de sales, concrecións, colonizacións biolóxicas. Establecendo periodicidade de resultados en relación coa intervención na arquitectura do inmovible.

- Posible recollida de bordes.



BEN: Casa reitoral de San Martiño de Mondoñedo
SITUACIÓN: O Caritel, San Martiño de Mondoñedo, Foz, Lugo
PROTECCIÓN: Forma parte dun conxunto parroquial da igrexa que foi declarada BIC (Monumento Nacional)

A igrexa de San Martiño foi declarada Monumento Nacional por un decreto do ano 1931 e a delimitación do entorno por decreto de 1998. A casa reitoral de San Martiño de Foz forma parte dun conxunto parroquial definido pola igrexa e os seus xardíns e a reitoral e a súa finca. Os actuais xardíns que rodean o conxunto no seu lateral norte, son o resultado das actuacións restauradoras de Chamoso Lamas e Fernández Gago non anos 60 do século XX, levantando tamén o cemiterio parroquial existente.

A reitoral sitúase nunha parcela cerrada ao carón da igrexa na súa fachada sur. A finca subdivídese en dous ámbitos, o primeiro entre o casarío do núcleo, vinculado ao seu acceso pola cabeceira da igrexa ao leste, cunha nogueira, restos dun garaxe, alpendres e un hórreo. O seguinte ámbito da finca reitoral de maior superficie, libre de edificacións conta cun pozo, lavadoiro e diversas árbores frutais. Existe ademais un pequeno patio elevado sobre o camiño, entre a fachada norte da reitoral e a cabeceira da igrexa.

A reitoral en si é unha edificación compacta de dúas plantas con cuberta a catro augas, composta de seis cruxías, tres iguais na súa orientación norte e tres iguais na sur, que poden revelar cunha lectura atenta do tipo de ocos, linteis e ventás, as súas diversas fases construtivas, recoñecemento a orientación norte coma a máis antiga.

A conexión entre a reitoral e a igrexa prodúcese a dous niveis. Na planta inferior a través da actual sancristía abovedada e na superior na cámara do bispo, con cuberta a dúas augas e cun balcón sobre a nave lateral da igrexa. Resaltar ademais que a porta da sancristía atópase enfrontada a unha porta tapiada na fachada norte e onde o aparello dos muros revela unha dirección directa coa igrexa. A casa reitoral foi restaurada para o seu uso coma museo vinculado á igrexa, reservando unha pequena vivenda para o párroco.

- Xustificación da intervención:

A xustificación principal da actuación é a apertura do Centro de Interpretación de San Martiño de Mondoñedo.

- Actuacións propostas:

As principais actuacións a executar serán as seguintes:

- Reparacións de paramentos e carpinterías.
- Posta en marcha das instalacións e dotación de luminarias.
- Musealización e equipamento expositivo.



BEN: Catedral de Nosa Señora da Asunción de Mondoñedo
SITUACIÓN: Praza da catedral, Mondoñedo, Lugo
PROTECCIÓN: BIC con categoría de monumento pola Lei de 23/05/1902 (GAC do 24/05/1902) Ben situado na delimitación do BIC Conxunto Histórico, Casco Antigo de Mondoñedo, Decreto 91 de 02/05/1985 (BOE 23/05/1985) No ano 2015 a UNESCO engadiuna na Lista do Patrimonio Mundial ao considerala un ben inmovible integrante do territorio do Camiño de Santiago

A actual catedral de Nosa Señora da Asunción de Mondoñedo, declarada Ben de Interese Cultural, está executada sobre as bases dunha construción románica iniciada polo Bispo Martín entre 1230 e 1248, que se continuou nos seguintes séculos en estilo gótico próximo ao canon cisterciense. O templo ten planta de cruz latina con tres naves e unha ábsida semicircular -única que queda dos tres da antiga cabeceira- e arcos oxivais. Foi reformado e modificado en sucesivas ocasións, en especial durante as obras de reconstrución logo do incendio do 1425.

O conxunto catedralicio está integrado tamén pola sancristía pegada á fachada norte, o Palacio Episcopal e o claustro anexos á fachada sur e, arredor deste, a sala capitular, biblioteca e acceso ao museo diocesano.

- Intervencións programadas:
 1. Obras urxentes de reparación da cuberta da cabeceira e dos encontros coa do claustro
 2. Obras de conservación da catedral basílica de Nosa Señora de Mondoñedo

1) Obras urxentes de reparación da cuberta da cabeceira e dos encontros coa do claustro

- Xustificación da intervención:

O obxectivo desta intervención é resolver os problemas de entrada de auga e a reparación das cubertas con carácter de urxencia en:

- A cuberta da zona da ábsida. A estrutura desta está deteriorada polas filtracións de auga que tamén están afectando ás pinturas. Trátase dunha estrutura de cerchas de madeira con ripias, con rasilla unha capa de formigón e lousado (int-ext).
- Cuberta da zona sur -entre transepto e deambulatorio-. Esta zona ten un acabado de lousa irregular con posteriores intervencións nos encontros con chumbo, con baixantes e canles que verten ao propio faldrón.
- Cuberta da zona do deambulatorio. Conta con acceso dende a cuberta do claustro. A estrutura desta zona realizouse de novo nunha intervención de 1997 e caracterízase polo emprego de vigas de madeira de piñeiro de Oregón e tirantes de aceiro, e unha cubrición formada por taboleiros contrachapados, rastreis, feltro asfáltico, entaboado de madeira de piñeiro e lousado (int-ext).



En xeral, a patoloxía deriva das filtracións de auga, tanto polo mal estado dos encontros –entre faldóns e entre faldóns e fachadas–, como polo mal resultado da solución da rasilla coa capa de compresión sobre as ripias. Así mesmo, existen problemas nalgúns puntos de canles e baixantes.

- Actuacións propostas:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos necesarios que acaden a solución da patoloxía detectada e que permita a recuperación do ben. Estes traballos resúmense en:

- Levantado das lousas necesarias na zona de actuación.
- Restauración e reparación daqueles elementos estruturais de madeira que sexan aptos para soportar as cargas previstas. Aqueles elementos estruturais de madeira que non sexa posible restaurar, substituiranse por outros similares aos existentes- madeira de castiñeiro na ábsida e de piñeiro na zona do deambulatorio.
- Na zona da ábsida, elimínase a solución de ladrillo e morteiro sobre as ripias de castiñeiro, deixando o rumbeiro sobre as ripias, segundo os detalles construtivos.
- Na zona do deambulatorio, levarase a cabo o levantamento do primeiro pano do faldón norte, onde están os lucernarios. Elimínase o feltro asfáltico e colocase a maiores, ripias de castiñeiro sobre un novo taboleiro multicapa que substitúa ao existente que está danado polas filtracións de auga. Substituirase o lousado e reutilizaranse aqueles pontóns en bo estado. Substituiranse os lucernarios por outros novos con estrutura de madeira de castiñeiro.
- No faldón sur, prevese a substitución das lousas de remate en mal estado, e modificarase a solución de evacuación da auga de choiva, mediante canles nos puntos de conexión das baixantes de cobre. Modificarase a pendente da esquina para resolver a acumulación de auga no encontro.

2) Obras de conservación da catedral basílica de Nosa Señora de Mondoñedo

- Xustificación da intervención:

O obxectivo desta intervención é a conservación, restauración e/ou rehabilitación dos espazos, muros e elementos artísticos de interese do monumento. O ámbito de traballo delimitarase en función da urxencia das actuacións. Ademais complementarase co estudo e traballo técnico necesario para avanzar e mellorar no coñecemento do monumento, na súa diagnose e no deseño de accións futuras de conservación preventiva e actuacións de conservación, restauración e posta en valor.

Os principais efectos de deterioro atópanse nas cubertas e naqueles elementos construtivos relacionados coa protección contra a choiva e a condución e evacuación de augas pluviais:



cubertas de lousa das naves da catedral e cubertas de lousa do corredor do claustro principalmente, cos sistemas de canlóns e baixantes a eles asociados.

Os fallos de estanquidade xeran problemas de humidades, por filtración, no interior e nalgún caso puntual chegan a danar elementos estruturais (cuberta do deambulatorio no que se ten producido a rotura dunha trabe de madeira pola entrada de auga desde un lucernario).

É importante e necesario estudar o sistema de evacuación de vapor de auga e de ventilación natural e permanente de todos estes espazos, buscando un correcto comportamento ambiental dos espazos baixo cuberta e do interior do templo. No interior, os revestimentos dos paramentos, revocaduras de morteiros e pinturas presentan distintos estragos consecuencia da entrada de auga (humidades de capilaridade e filtracións ademais da existencia de puntuais pingueiras) do comportamento hídrico do ambiente interior (ventilación, presión de vapor, excesiva humidade relativa) así como dos depósitos de po ocasionados polas acción antrópica e os movementos de aire no espazo interior.

Cómpre sinalar a necesidade de actuar sobre as decoración polícromas das bóvedas e paramentos da capela maior, que se poden estar vendo afectadas polas entradas de auga e a humidade procedente da cuberta, unha vez reparada esta.

No exterior, as fachadas oeste e norte, foron restauradas nos últimos anos do século XX e nos primeiros do XXI, porén precisan obras puntuais de mantemento e conservación eliminando depósitos de lixo, costras negras e as sinais de escorrentas e colonizacións biolóxicas.

- Actuacións propostas:

As principais actuacións a levar a cabo serán as seguintes:

- Substitución da lousa de cuberta e o seu enlatado ou plano de soporte na nave maior, transepto e capela maior da catedral.
- Restauración da estrutura de madeira de soporte desta cuberta.
- Reparación das cubertas de lousa do deambulatorio e claustro da catedral.
- Revisión, reparación e substitución, se fose o caso, das instalacións de canlóns e baixantes para a evacuación de augas pluviais das cubertas anteriores.
- Limpeza e tratamento das colonizacións biolóxicas e sinais ou pegadas que a humidade ocasionada polos fallos das cubertas puidera ter deixado nos paramentos interiores, ou as escorrentas puntuais nas fachadas.
- Revisión do estado de conservación da pintura mural da capela maior, actuación de urxencia se fose necesario para o sentado ou fixación da policromía e redacción dun proxecto de restauración do conxunto pictórico.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 **400**
Fax: 981 546 597



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

galicia

- Traballos de mantemento e necesarios para a conservación preventiva, de carácter puntual, no ámbito de actuación e relacionados cos sistemas construtivos renovados.
- Estudo básico do inmovible e das súas necesidades de cara á súa conservación e elaboración dun estudo de conservación preventiva e un documento de bases técnicas para a revisión ou actualización do Plano Director do monumento.